



PUNTOS ARCOIRIS NO CENTROS PÚBLICOS DE ENSINO MUNICIPAIS

DOSSIER DE ACTIVIDADES DOS 'PUNTOS ARCOIRIS' NOS
CENTROS EDUCATIVOS MUNICIPAIS DE PRIMARIA NO MARCO DO
17 DE MAIO DE 2024, DÍA INTERNACIONAL CONTRA A
LGTBIFOBIA

[SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA EN IGUALDADE DO CONCELLO DE OLEIROS]



Concello de  Oleiros

ÍNDICE

PUNTOS ARCOIRIS	3
ACTIVIDADE NA AULA	4
CONTO: A historia de Mermel.....	4
ACTIVIDADE 1.....	5
ACTIVIDADE 2.....	5
ACTIVIDADE 3.....	6
ACTIVIDADE DE DINAMIZACIÓN NO PUNTO ARCOIRIS	7
CUESTIONARIO: E ti, canto sabes das realidades LGTBQA+?	8

Como cada ano, o Concello de Oleiros quere facer explícito o seu **compromiso en seguir traballando en prol dun municipio libre de violencias machistas**, entendendo que, por unha banda, o **recoñecemento da diversidade sexual e de xénero** e, pola outra banda, a **erradicación das violencias LGTBifóbicas**, son imprescindibles para acadar unha sociedade verdadeiramente xusta, libre, igualitaria e democrática.

O Concello de Oleiros continuará, como ata o de agora, realizando un traballo en prol da diversidade e contra as violencias LGTBifóbicas sostido e continuado no tempo, pois tan só así conséguese un impacto real e efectivo no tempo. Mais, tamén é consciente de que **as datas sinaladas e de conmemoración son palestras de sensibilización e comunicación coas que se consegue chegar a unha maior parte da cidadanía**, completando e apoiando o traballo neste eido realizado o resto do ano.

Por este motivo, desde a área de Igualdade do Concello de Oleiros realizaranse **actividades de sensibilización co alumnado e os centros educativos para a conmemoración do 17 de Maio de 2024, Día Internacional contra a LGTBifobia**.

A continuación recóllese que son os Puntos Arcoiris e unha breve descrición das actividades que se van realizar co alumnado nos centros públicos municipais de educación primaria.

PUNTOS ARCOIRIS

O 17 de Maio, Día Internacional contra a LGTBIfobia, é un día para a concienciación sobre as violencias que sofren as persoas LGTBQA+ nos diferentes ámbitos (persoal, profesional, académico etc.) e espazos (rúa, fogar, transporte, ocio nocturno etc.) da súa vida polo feito de ser LGTBQA+.

Por isto, desde o Concello de Oleiros **instalaranse Puntos Arcoiris nos diferentes centros educativos municipais entre o 9 e o 23 de maio**, un día en cada centro durante a súa xornada escolar.

Os Puntos Arcoiris son **puntos de información, sensibilización e atención para a inclusión da diversidade sexual e de xénero, e para a prevención, detección e actuación fronte as violencias LGTBfóbicas**, conformados por un equipo de profesionais en materia de xénero, diversidade e violencias. Nos Puntos Arcoiris instalados nos centros, tanto o alumnado como o profesorado poderá recibir información sobre:

- As violencias LGTBfóbicas e as súas manifestacións (indicadores para a prevención, detección e actuación);
- Os recursos e servizos de información e atención especializados na materia a nivel municipal, autonómico e estatal;
- Temas de interese entre o propio alumnado e profesorado en materia de diversidade sexual e de xénero e violencias LGTBfóbicas.

Ademais, desde os Puntos Arcoiris realizarase **un xogo de sensibilización arredor das violencias LGTBfóbicas e os estereotipos e prexuízos** socialmente presentes arredor das persoas LGTBQA+, co obxectivo de concienciar e sensibilizar ao alumnado arredor das mesmas e dotalo de ferramentas para prever, detectar e actuar fronte a elas.

Data:	Do 10 ao 23 de maio de 2024
Horario:	Xornada escolar
Lugar:	Centros de educación primaria e secundaria do Concello de Oleiros
Público obxectivo:	Alumnado e profesorado

ACTIVIDADE NA AULA

É unha actividade pensada para traballar en primaria arredor da diversidade, a discriminación e as violencias LGTBIfóbicas entre iguais. Para o seu desenvolvemento, comezase lendo o conto que a continuación se recolle.

CONTO: A historia de Mermel

No comezo dos contos, Mermel non tiña pelo, nin forma de corpo, nin cor de pel, nin tamaño definido. No comezo dos contos, Mermel non tiña, tan só era. Ata que un día, con aburrimiento de non ter, decidiu crearse.

Primeiro decidiu ter o pelo rizo. Moitas persoas gritábanlle: “Pelo brócoli!”, “Pelo esponxa!”, “Cantos niños de paxaro levas na cabeza!” “Estropallo!”, “O teu pai colle a túa cabeza para fregar as tixolas!”, “Beeee, beee, ovella!”. Outras persoas dicíanlle que con ese pelo molaba máis. Entón Mermel, que era valente, decidiu deixarse o pelo crecho porque vía moito semellante ás olas do mar e pensaba que era moito divertido navegalo, ata camiñar sobre el!

Logo decidiu levar lentes. Moitas persoas gritábanlle: “Catro ollos!”, “Rompeteitos!”, “Parabrisas!”, “Harry Potter”, “Lupa Modric!”, “Telescopio!”, “Prismáticos!” “Con esas lentes, na casa xa non necesitas pousavazos!”. Outras persoas querían ver a través das súas lentes porque víase diferente e dicían que lles parecía moito máis interesante. Entón Mermel, que o tiña pensado, decidiu levar lentes porque así o vento non lle molestaba nos ollos cando ía en bicicleta, e vía mellor o sorriso da xente.

Máis tarde decidiu non ter un corpo delgado. Moitas persoas gritábanlle: “Foca!”, “Balea!”. “Vaca!”, “Cachalote!”, “Tonel!”, “Zampabollos”, “Cú-gordo, que non te podes mover ben do moito que pesas!”, “Oink, oink!”. Outras persoas asegurábanlle que manteríase con solidez ante un vendaval e flotaría entre as olas do mar. Entón Mermel, que non tiña dúbidas, decidiu non pasar frío en inverno e querer moito o seu corpo.

Seguidamente, Mermel decidiu non ter a pel escura. Moitas persoas gritábanlle: “Caca fedorenta!”, “Farrapo!”, “Mono!”, “Carbón!”. Outras persoas asegurábanlle que a súa pel cálida como un atardecer. Entón Mermel, que o tiña decidido, decidiu ter a cor de pel do chocolate, que era moito doce, e decidiu que ninguén borraría a súa historia.

Finalmente, Mermel decidiu non ser nin neno nin nena. Moitas persoas gritábanlle: “Marimacho!”, “Mariquita!”, “ti que es nena ou neno?”. Outras persoas asegurábanlle que tería liberdade para ser quen era. Entón Mermel, que o tiña requeitedecidido, logrou non nin chico nin chinka e xogar ao que lle apetecese sen que ninguén lle dixese o que tiña que facer: ir con saia cando tivese calor e con pantalón cando quixese xogar, poñer pinzas de cores no pelo ou garabata en situacións elegantes, e, sobre todo, ser quen quería ser.

Así Mermel xa tiña e xa era. Entón Mermel, alegre, saíu a buscar amigos e unha familia.

Aquí comeza a súa aventura.

ACTIVIDADE 1.

[Opcional, se o espazo e o tempo o permite]

Unha vez lido o conto, como dinámica para romper o xeo e fomentar a posterior participación, pediráselle ao alumnado que debuxen a Mermel. Para isto, deberán dispoñer de papel e cores, de forma que, ao comezo do taller co alumnado de primaria, proporcionaráselles un folio e diráselles que collan o seu estoxo de cores. Indicaráselles que dispoñen de 10 minutos para debuxar a Mermel.

É moi importante que a persoa dinamizadora non lle asigne xénero nin pronome (nin masculino nin feminino) a Mermel. Se ben no conto recóllese que Mermel decidiu non ser neno nin nena, a atribución do pronome preconditionaría ao alumnado e influiría inconscientemente no propio imaxinario do alumnado.

Suxeriráselle ao profesorado que poden empregar a Mermel para facer actividades na aula. A continuación recóllense 2 propostas:

1. Falar co alumnado para que colgue os seus debuxos de Mermel no corcho da súa clase. A partir dos debuxos, **realizar unha reflexión conxunta co alumnado sobre as similitudes e as diferenzas nas múltiples representacións de Mermel**. Remarcárase como, incluso tendo unha descrición de Mermel, as versións cambian, e como isto é unha representación do moi diversas que poden ser as persoas. Mais tamén como os nosos imaxinarios sociais fan que asociemos atributos en base ao que se nos describe.
2. **Imaxinar as aventuras que vive Mermel** na procura dunha familia, amizades, un lugar no que vivir, indo á escola etc. Pode facerse en forma de:
 - a. Actividade a realizar na aula de forma conxunta e consensuada: todo o alumnado participa en todas as partes da continuidade da historia.
 - b. Conto viaxeiro: cada semana entrégaselle o conto a un alumno ou alumna para que o leve para casa e que continúe o conto onde o deixou a anterior compañeira ou compañeira. Nunha extensión de máximo unha páxina, terá que relatar unha nova aventura de Mermel, ou continuar coa anterior. Tamén se lles pode pedir que realicen un debuxo que acompañe ao texto e que o fagan como actividade familiar conxunta.

ACTIVIDADE 2.

A continuación, realizaremos unha reflexión grupal a partir das seguintes preguntas:

1. Por que nos metemos coa xente?
2. Algunha vez fomos diana de insultos e humillacións? Por que motivos?
3. Algunha vez insultamos e humillamos a outras persoas? Por que motivos?

4. Algunha vez intentamos ocultar cousas ou cambiar cousas en nós para gustarllas a outras persoas? Por que?
5. Son máis felices as persoas que se adaptan á normalidade ou ao que se espera delas? Por que?
6. Alguén do grupo ten ou tivo nalgún momento algún mote?
7. Como nos gusta que nos chamen?

ACTIVIDADE 3.

Empregaremos un espazo aberto na aula e pedirémolles ao alumnado que se poña de pé, forme unha fila e mira cara adiante. Indicarémolles que pechen os ollos e que, a medida que vaian escoitando afirmacións coas que se identifican, dean un paso cara adiante. Se o espazo é reducido, a medida que o alumnado vaia dando pasos, debemos ter coidado que non se golpee con nada.

Unha vez rematemos de ler as afirmacións, pedirémolles que abran os ollos e perciban que cada persoa está nun punto diferente. Isto tamén é a diversidade. As persoas teñen gustos e malestares diferentes. Faremos unha reflexión sobre a normalidade e como intentamos adaptarnos a ela para recibir aceptación da nosa contorna, as nosas amizades, as nosas familias, deixando moitas veces de lado o que realmente somos, o que nos gustaría experimentar e as nosas diferencias, ata aquilo que nos fai especiais.

Para rematar a actividade, escoitaremos e bailaremos “Cuento contigo” para relaxarnos e celebrar as diferencias. Indicámolles que o estribillo é “Cuento contigo” e que, cando soe, o canten ben alto.

AFIRMACIÓNS

- Sinto que non encaixo nalgúns grupos.
- Penso que hai grupos nos que é mellor non encaixar.
- Teño algúns gustos peculiares e non atopo con quen compartilos.
- Ás veces non me sinto ben co meu corpo.
- Cando camiño pola rúa non podo evitar mirarme no reflexo dos escaparates.
- Cando camiño pola rúa evito mirarme no reflexo dos escaparates.
- Son moi especial coas comidas.
- Non me gusta a miña cor de pel.
- Non penso sobre a miña cor de pel.
- Nalgunhas situacións non sei comunicarme.
- Na miña familia non nos comunicamos moito.
- Cando escoito a grupos de xente rir, non podo evitar pensar que estanse a rir de min.
- Non me gusta a roupa coa que habitualmente visto, sinto que non me representa.

VÍDEO: CUENTO CONTIGO

https://www.youtube.com/watch?v=GmaKIHdob_0

ACTIVIDADE DE DINAMIZACIÓN NO PUNTO ARCOIRIS

É unha actividade pensada para traballar co alumnado de primaria no Punto Arcoiris. Mediante un test grupal entre iguais, buscarase que se expoñan ao seu propio descoñecemento sobre a diversidade e confronten mitos e prexuízos que poden ter interiorizados sobre as persoas LGTBQA+.

DINÁMICA A SEGUIR

En función do número de rapaces e rapazas que estean no Punto Arcoiris, realizarase con 1 ou con 2 grupos (1 por cada persoa dinamizadora). Dirémoslle que imos facer un pequeno cuestionario para coñecer que saben sobre diversidade.

Explicarémolle que imos ir lendo unha serie de frases incompletas. Para completalas, lerémolle 3 opcións e, de forma consensuada, teñen que escoller a opción coa máis de acordo estean. Polo tanto, antes de responder, deben negociar a resposta. Deberán, ademais, escoller a un ou unha portavoz que nos comunique a opción seleccionada.

A persoa dinamizadora irá marcando as opcións seleccionadas. Cada unha delas ten unha puntuación asignada (0 ou 3). Ao final, sumaranse as puntuacións obtidas e, en base a elas, leráselle a valoración asignada a cada tramo de puntuación.

Polo tanto, explicarémolle tamén que ao final, en base ás súas respostas, lerémolle a valoración obtida e se é un “precisades mellorar”, “progresades axeitadamente” ou unha “mención de honra” en diversidade.

CUESTIONARIO: E ti, canto sabes das realidades LGTBQA+?

Entradilla para a persoa dinamizadora: Isto é unha carreira de fondo...Estades preparadas e preparados para ver canto sabedes sobre o colectivo LGTBQA+? Seguro que moito máis do que pensades! Pero recordade, antes de responder tedes que consensuar a resposta.

Ala imos en 3, 2, 1,...go!

- 1. Homosexual é unha palabra que se emprega para definir...**
 - a. A un home gai ou a unha muller lesbiana (3)
 - b. A chicos que pola forma de comportarse ou vestir parecen chicas (0)
 - c. A persoas que intentan ligar todo o tempo con persoas do seu mesmo xénero (0)
- 2. As mulleres lesbianas....**
 - a. Queren ser homes (0)
 - b. Senten atracción por outras mulleres (3)
 - c. Están desorientadas. Nunca tiveron relacións con homes, por iso non saben o que lles gusta (0)
- 3. Un rapaz trans...**
 - a. Ten peitos (0)
 - b. Ten que vestir con roupa de home (0)
 - c. Non se identifica co xénero que se lle asignou ao nacer (3)
- 4. Unha persoa bisexual...**
 - a. Sente atracción por todo o mundo (0)
 - b. É unha viciosa. Vale que che guste ou homes ou mulleres, pero que che gusten ambos xa é vicio! (0)
 - c. Pode sentir atracción polas persoas con independencia do seu sexo ou xénero (3)
- 5. Unha persoa intersexual...**
 - a. Ten unha enfermidade (0)
 - b. Ten dereito a decidir sobre o seu corpo e a súa identidade de xénero (3)
 - c. É unha persoa trans (0)
- 6. Unha persoa asexual....**
 - a. É aquela que nace sen xenitais (0)
 - b. É aquela que non sente atracción por outras persoas e é unha orientación sexual tan válida como o resto (3)
 - c. Debería ir ao psicólogo porque o que lle pasa non é normal, seguro que ten algún trauma (0)
- 7. Unha persoa que non sexa heterosexual...**
 - a. Non pode casar. Iso só o pode facer un home cunha muller (0)
 - b. Non poder ter fillos ou fillas porque non os sabería coidar e educar (0)
 - c. Adoita sentirse parte de iso que chaman colectivo LGTBQA+ (3)

Listo! Rematamos! Bo traballo! Agora dádeme un redobre de tambores porque imos descubrir a vosa cualificación!

VALORACIÓN

<10 puntos

COIDADADO!

Precisades repasar o temario! E desprendervos dos prexuizos que tedes arredor das persoas do colectivo LGTBIA+. Os prexuizos e os estereotipos que viven en nós teñen que ver, case sempre, co noso propio descoñecemento sobre as persoas e as súas realidades. Así que, ímonos informar e ser persoas chulísimas! Dádeme un SIIIIIII !

Ao comezo pode parecer difícil, pero se prestamos atención ao que nos rodea, lemos, practicamos a empatía e escoitamos atentamente o que nos din as propias persoas LGTBIA+, converterémonos en persoas LGTBIfriendly! Dádeme un SIIIIIII !

É moi pero que moi, moi importante non quedarse tan só coa información que vemos e escoitamos nas redes sociais e por aí adiante. Imos coller a lupa e investigar que é o que din as persoas que pertencen ao propio colectivo LGTBIA+. Algo terán que dicir se son os protagonistas das súas propias vidas, non credes?

Ademais, unha vez que comeceades a pensar e reflexionar sobre estas cuestións, xa non ides poder parar! Querer cambiar o mundo é aditivo. Alá imos de camiño a construír un mundo mellor, máis xusto, máis igualitario e máis diverso. Dádeme un SIIIIIII !

Entre 10 e 20 puntos

SODES PERSOAS LGTBIAQFRIENDLY...

Que que significa? Pois que estades indo polo bo camiño! Ben! Pero un momento! Si, son boas novas... pero aínda queda moito camiño por percorrer.

Fáltanos información, e iso fai que teñamos algún que outro prexuízo coas persoas LGTBIA+. Os prexuizos e os estereotipos teñen que ver, case sempre, co noso propio descoñecemento sobre as persoas e as súas realidades. Así que, ímonos informar e ser persoas chulísimas! Dádeme un SIIIIIII !

Ao comezo pode parecer difícil, pero realmente o único que temos que facer é prestar atención ao que nos rodea, ler, practicar a empatía e escoitar atentamente o que din as propias persoas LGTBIA+.

Non nos imos acomodar e imos saír aí, ao mundo, a investigar e vivir mil aventuras de solidariedade, xustiza e diversidade! Precisamos que todas as persoas teñan en conta a diversidade para construír un mundo mellor.

Ademais, unha vez que comeceades a pensar e reflexionar sobre estas cuestións, xa non ides poder parar! Querer cambiar o mundo é aditivo. Alá imos de camiño a construír un mundo mellor, máis xusto, máis igualitario e máis diverso. Dádeme un SIIIIII !

>20 puntos

NORABOA! SODES PRO!

Que que significa ser pro? Pois que sabedes do tema e nótase. Parabéns! Moitos aplausos para vós!

Grazas a xente coma vos o mundo avanza cara un sito mellor. Pero un momento! Si, son boas novas... pero sempre quedan cousas por saber.

Por iso mesmo é moi pero que moi, moi importante non quedarse tan só coa información que vemos e escoitamos nas redes sociais e por aí adiante. Así que imos coller a lupa e investigar que é o que din as persoas que pertencen ao propio colectivo LGTBQA+. Algo terán que dicir se son os protagonistas das súas propias vidas, non credes?

Non nos imos acomodar e imos saír aí, ao mundo, a investigar e vivir mil aventuras de solidariedade, xustiza e diversidade! Precisamos que todas as persoas teñan en conta a diversidade para construír un mundo mellor.

Ademais, unha vez que comeceades, xa non ides poder parar! Querer cambiar o mundo é aditivo. Alá imos de camiño a construír un mundo mellor, máis xusto, máis igualitario e máis diverso. Dádeme un SIIIIII !